

Acordo do Consello de Goberno do 4 de febreiro de 2026 polo que se aproba o procedemento para a elaboración do plan de organización docente

Preámbulo.....	2
CAPÍTULO I. Asignación do encargo docente.....	2
Artigo 1. Principios xerais	2
Artigo 2. Principios específicos	3
CAPÍTULO II. Organización do encargo docente	3
Artigo 3. Cobertura da docencia nos cuadrimestres	3
Artigo 4. Titulacións en extinción	4
Artigo 5. Modificación do encargo docente inicial.....	4
CAPÍTULO III. Determinación das necesidades docentes	4
Artigo 6. Cómputo da capacidade e da carga docente estrutural das áreas ...	4
Artigo 7. Solicitudes de renovacións e de novas contratacións.....	4
Artigo 8. Ano académico para os efectos de xubilación do PDI.....	5
CAPÍTULO IV. Dedicación do profesorado.....	5
Artigo 9. Dedicación docente do profesorado.....	5
Artigo 10. Persoal investigador contratado con cargo a programas competitivos	5
CAPÍTULO V. Xestión e aplicación da normativa de dedicación.....	6
Artigo 11. Comprobación	6
Artigo 12. TFG, TFM e prácticas externas	6
Artigo 13. Docencia no grao de Medicina	6
Artigo 14. Docencia en galego ou en inglés	7
Artigo 15. Compensacións e reducións docentes	7
CAPÍTULO VI. Finalización do plan de organización docente.....	8
Artigo 16. Finalización da asignación do encargo docente.....	8
Disposición derogatoria.....	8
Disposición final. Entrada en vigor	8

Preámbulo

Este procedemento fixa o marco normativo que regula a elaboración do plan de organización docente. Con esta finalidade establece como se realiza a asignación e a organización do encargo docente, como se determinan as necesidades docentes e cales son os procedementos de xestión e aplicación da Normativa pola que se regula a dedicación do persoal docente e investigador.

CAPÍTULO I. Asignación do encargo docente

Artigo 1. Principios xerais

1. Os departamentos deberán procurar que o número máximo de profesores/as asignados/as a cada grupo dunha determinada materia sexan dous. Cando varios/as profesores/as compartan a docencia dunha materia, o departamento deberá encargar a un/ha deles/as a coordinación para os efectos pertinentes, entre outros, a realización da guía docente.
2. Os departamentos deberán procurar que, na medida do posible, o número máximo de horas semanais de cada docente en calquera período do curso non supere as dez.
3. Os departamentos deberán limitar ao máximo os desprazamentos do seu profesorado, procurando, na medida do posible, concentrar a docencia de cada profesor nun único centro en cada cuatrimestre.
4. O profesorado desempeñará preferentemente o seu labor nunha única localidade. Os departamentos cubrirán en primeiro lugar a docencia dos campus de Ferrol ou A Coruña co profesorado cuxo nomeamento ou contrato sexa para centros do campus de Ferrol ou A Coruña, respectivamente. No caso de que teña que desenvolver o seu labor en máis dunha localidade, será necesario un informe razoado do departamento coa conformidade do/a profesor/a.
5. Os departamentos deberán asegurar que as condicións de traballo resultantes do encargo dun/ha docente con discapacidade se corresponden coas recomendacións da Vicerreitoría de Igualdade e Diversidade.
6. Na asignación do encargo docente deberanse ter en conta os principios establecidos no art. 96.2, 96.3 e 96.4 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia, sobre a conciliación da vida familiar e laboral, de xeito que:
 - a) Terá preferencia na elección de materias e de horarios, sempre que sexa posible, quen teña ao seu cargo un fillo ou unha filla menor de tres anos, ou quen teña ao seu cargo exclusivo e conviva no mesmo domicilio con familiar ou familiares ata o segundo grao de consanguinidade e de grao III de dependencia (gran dependencia).
 - b) Terá preferencia na elección de horarios respecto doutro profesorado da mesma categoría profesional, sempre que sexa posible, quen teña ao seu cargo un fillo ou unha filla maior de tres e menor de doce anos, ou quen teña ao seu cargo exclusivo e

conviva no mesmo domicilio con familiar ou familiares ata o segundo grao de consanguinidade e de grao III (gran dependencia), e non se encontre no suposto previsto no parágrafo anterior.

c) Nos supostos previstos nos parágrafos anteriores, os membros de familias monoparentais terán preferencia sobre o resto.

Artigo 2. Principios específicos

1. O persoal investigador doutor contratado con cargo a programas posdoutorais competitivos terá prioridade na asignación de nova docencia de materias de novas titulacións no seu ámbito de especialización, sempre de acordo co encargo docente aprobado no PDA.

2. O encargo docente do profesorado subrogado desde o 1/08/2020 como consecuencia da integración do grao en Turismo non poderá ser modificado.

3. A asignación de docencia en materias que se impartan en inglés farase en primeiro lugar necesariamente ao profesorado cuxa praza fose convocada coa mención de docencia en inglés, nas materias correspondentes ao seu perfil docente. Teranse igualmente en conta as acreditacións da capacidade para impartir docencia en inglés previstas na Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da Universidade da Coruña, aprobada polo Consello de Goberno do 18 de xullo de 2024.

4. Na asignación de docencia ao profesorado asociado deberase ter en conta o perfil docente para o que foi contratado.

5. A dirección de TFG e TFM será realizada polo profesorado da UDC. Tamén poderá dirixir TFG e TFM o persoal investigador doutor contratado con cargo a programas de investigación competitivos, sempre no marco establecido polas respectivas convocatorias. Poderán colaborar na dirección de TFG e TFM persoas alleas á UDC sempre que as características do TFG ou o TFM xustifiquen esta necesidade.

CAPÍTULO II. Organización do encargo docente

Artigo 3. Cobertura da docencia nos cuatrimestres

1. Os departamentos deberán cubrir obrigatoriamente co profesorado existente a docencia das materias anuais, das materias cuatrimestrais que se impartan no primeiro cuatrimestre e a oferta de dirección dos TFG e TFM que se teña que realizar ao inicio de curso académico. Darase prioridade ás materias de formación básica e obrigatorias dos graos e, en segundo lugar, ás materias dos mestrados e ás optativas dos graos.

2. No momento en que se formalicen as novas contratacións, o departamento poderá modificar a asignación realizada inicialmente.

3. Os grupos das materias poderanse axustar en función da matrícula real do curso académico en vigor.

Artigo 4. Titulacións en extinción

1. Deberase designar como mínimo un/unha profesor/a encargado/a de realizar a avaliación do alumnado das materias dos plans para extinguir en que non exista docencia. Estas materias aparecen no encargo de docencia cun grupo de teoría e cero horas asignadas.
2. O alumnado matriculado nunha materia sen docencia nun plan de estudos en extinción terá dereito a ser atendido polo/a profesor/a encargado/a da súa avaliación durante o seu horario de titorías.

Artigo 5. Modificación do encargo docente inicial

1. A asignación da docencia poderase modificar ao longo do curso académico, sempre que existan causas obxectivas que o xustifiquen e tratando de que a modificación afecte o menos posible ao encargo inicialmente fixado, para que o profesorado poida planificar de maneira óptima as súas actividades.
2. Os departamentos están obrigados a comunicar aos centros afectados todas as modificacións que se produzan no encargo docente a través das contas oficiais de correo da UDC.
3. Unha vez rematado o curso académico só se poderá certificar a docencia que conste gravada no POD.

CAPÍTULO III. Determinación das necesidades docentes

Artigo 6. Cómputo da capacidade e da carga docente estrutural das áreas

1. A carga docente estrutural das áreas determínase tendo en conta a docencia presencial en aulas/laboratorios e a asociada á dirección de TFG/TFM.
2. A capacidade docente estrutural das áreas determinarase computando a dedicación do profesorado e dos/as investigadores/as doutores/as con compromiso de estabilización en 240 horas.
3. Os contratos realizados ao abeiro dos programas de captación e retención de talento (programas Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, InTalent etc.) contabilizarán no cómputo da capacidade das áreas de coñecemento, agás no caso de existir na área persoas interinas con anterioridade á incorporación destes investigadores/as e que non tivesen aínda a oportunidade de acceder á convocatoria dunha axudantía.
4. En ningún caso se dotará profesorado estrutural por necesidades docentes cando a capacidade docente estrutural da área sexa superior á carga docente estrutural desta.

Artigo 7. Solicitudes de renovacións e de novas contratacións

1. Poderanse renovar os contratos de profesorado contratado interino de substitución. Poderanse renovar os contratos de profesorado lector, agás os das persoas incorporadas no curso académico anterior e que xa fosen renovados por un ano.

2. Poderanse renovar os contratos de profesorado substituto, sempre que continúen a existir necesidades docentes conxunturais que os motivaron e se manteña a causa de contratación.
3. Os departamentos farán chegar á Vicerreitoría de Profesorado as propostas de renovación que estimen oportunas, de acordo coas necesidades docentes das áreas de coñecemento.
4. No caso de existir necesidades docentes estruturais de acordo co PDA aprobado para o curso correspondente realizarase a correspondente proposta de creación de praza/s de profesorado axudante doutor/a.
5. No caso de existir necesidades docentes motivadas por causas conxunturais, realizarase unha solicitude de praza de profesorado substituto, identificando o motivo de substitución.
6. Antes de contratar novo profesorado para unha área determinada, comprobarase se en calquera das materias en que ten asignada a docencia existen outras áreas de adscrición con capacidade docente.
7. Antes de contratar novo profesorado, instarase aos departamentos a asignar tarefas docentes ao persoal investigador contratado con cargo a programas de investigación competitivos, sempre que a convocatoria o permita.
8. A data límite para remitir á Vicerreitoría de Profesorado as propostas de renovacións e de novas contratacións -nos modelos recollidos nos anexos I e II- será a de finalización do POD.

Artigo 8. Ano académico para os efectos de xubilación do PDI

Para os efectos de prórroga na prestación de servizos docentes do profesorado universitario, considérase que o curso académico se inicia o 1 de setembro e remata o 31 de agosto.

CAPÍTULO IV. Dedicación do profesorado

Artigo 9. Dedicación docente do profesorado

A dedicación docente do profesorado está recollida na Normativa pola que se regula a dedicación do persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 30 de xaneiro de 2025.

Artigo 10. Persoal investigador contratado con cargo a programas competitivos

1. O persoal de investigación contratado de programas predoutorais e posdoutorais competitivos citados a seguir poderá colaborar nas tarefas docentes, de acordo coas seguintes normas:

- a) o persoal investigador contratado con título de doutor/a de programas da Unión Europea, estatais, autonómicos ou propios (Ciencia Excelente da Unión Europea, Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, Juan de la Cierva, InTalent, contratos de acceso

ao Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, posdoutoral da Comunidade Autónoma de Galicia, Programa atracción e retención do talento científico de Galicia e outros similares) poderá colaborar na docencia, impartir aulas e ser responsable de grupos coa dedicación académica que establezan as respectivas convocatorias e a normativa aplicable a cada un dos programas.

- b) o persoal investigador contratado predoutoral (FPU, FPI, programas de apoio á etapa predoutoral da Comunidade Autónoma de Galicia ou similares) poderá colaborar na docencia co número de horas e no período que autorice a convocatoria respectiva e a normativa aplicable a cada un dos programas, sen que en ningún caso se poidan superar as 60 horas prácticas anuais. Só poderá colaborar na docencia práctica (docencia interactiva, titoría de grupos reducidos e prácticas) de materias de títulos de grao e mestrado. Non poderá dirixir TFG nin TFM nin formar parte das súas comisións avaliadoras. Non poderá ser responsable de grupos ou materias nin asinar actas. Seralle de aplicación o Real decreto 103/2019, do 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación.

CAPÍTULO V. Xestión e aplicación da normativa de dedicación

Artigo 11. Comprobación

Cada departamento deberá revisar e facilitar aos seus membros os datos do seu POD que aparecerán precargados na aplicación informática para que poidan comprobar que se axustan ao disposto na Normativa pola que se regula a dedicación do persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 30 de xaneiro de 2025.

Artigo 12. TFG, TFM e prácticas externas

A aplicación reflectirá as horas que corresponden ao profesorado pola dirección de TFG e TFM, pola participación nas comisións de avaliación de TFG e TFM e pola titorización de prácticas externas realizadas no ano natural anterior ao de realización do POD.

Artigo 13. Docencia no grao de Medicina

O Convenio da Consellería de Sanidade, da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a descentralización da docencia do grao de Medicina, asinado con data 20/1/2026, establece o marco para a colaboración da Universidade da Coruña na docencia dos cursos 4º, 5º e 6º do grao en Medicina da Universidade de Santiago de Compostela. Esta docencia impartirase no hospital universitario vinculado á UDC, o Complexo Hospitalario Universitario A Coruña (CHUAC). A estes efectos, no CHUAC crearase unha unidade docente, que acollerá a todo o profesorado que imparta a citada docencia, e será a responsable de organizar as ensinanzas, en coordinación cos departamentos correspondentes. As unidades docentes serán as encargadas de cubrir o plan de organización docente (POD) e de

proponer a contratación de persoal docente, cando sexa preciso. O POD será aprobado polos departamentos responsables da USC e os departamentos correspondentes na UDC.

Artigo 14. Docencia en galego ou en inglés

1. Os departamentos deberán remitir as novas solicitudes e as renovacións de recoñecemento de horas a xestionpod@udc.gal coa finalidade de que a Vicerreitoría de Profesorado autorice a súa inclusión no POD, que realizará o Negociado III do Servizo de PDI.
2. No caso de se tratar de docencia en inglés, a autorización dependerá da aprobación previa do PDA dos centros das materias ofertadas en inglés, da existencia dun grupo específico de inglés e da comprobación do número mínimo de estudantes matriculados coa docencia en inglés, en aplicación do Procedemento para a elaboración do Plan docente anual (PDA) correspondente.
3. A participación na docencia na modalidade English Friendly suporá unha compensación de 5 horas por cada materia cun máximo de 10 horas por cada docente.
4. Os recoñecementos referidos nos puntos 2 e 3 aplicaranse no curso seguinte ao de impartición da docencia.

Artigo 15. Compensacións e reducións docentes

A aplicación informática reflectirá as compensacións que poidan corresponder a cada profesor/a polos seguintes conceptos:

- a) actividades de xestión universitaria, segundo o establecido na Normativa de dedicación
- b) actividades de xestión da docencia, segundo o establecido na Normativa de dedicación e de acordo coa información facilitada polos centros ou as vicerreitorías competentes
- c) outras funcións de xestión e representación, segundo o establecido na Normativa de dedicación e de acordo coas indicacións facilitadas polas unidades competentes
- d) participación en proxectos de investigación de carácter competitivo (datos facilitados polos/as IP dos proxectos)
- e) presentación de proxectos a convocatorias do programa Horizonte Europa (datos facilitados pola Vicerreitoría de Investigación e Transferencia)
- f) dirección de teses de doutoramento (datos facilitados pola Escola Internacional de Doutoramento)
- g) sexenios de investigación e de transferencia (datos facilitados pola Vicerreitoría de Profesorado)

- h) representación sindical do PDI, de acordo coas indicacións facilitadas polos órganos de representación do PDI)

No caso de se detectar algunha omisión, comunicarse por correo electrónico a xestionpod@udc.gal ou vp@udc.gal para a súa comprobación e validación.

CAPÍTULO VI. Finalización do plan de organización docente

Artigo 16. Finalización da asignación do encargo docente

Tras finalizar a gravación dos datos e logo da aprobación do POD por parte do Consello de Departamento, os departamentos remitirán a vp@udc.gal os datos requiridos no modelo incluído no anexo III (cobertura da docencia do primeiro cuatrimestre; materias que inclúen grupos con máis de 2 docentes; profesorado que non equilibra o seu POD entre os dous cuatrimestres; profesorado con docencia en máis dunha localidade no mesmo cuatrimestre e profesorado con discapacidade e medidas de adaptación do seu posto de traballo).

Disposición adicional. Habilitación

Habílitate a Comisión Delegada do Consello de Goberno con competencias en materia de profesorado para interpretar e resolver as dúbidas que presente a aplicación desta norma.

Disposición derogatoria

Esta normativa derroga calquera outra norma ou disposición previa aprobada polo Consello de Goberno que afecte ao procedemento para a elaboración do plan de organización docente.

Disposición final. Entrada en vigor

Esta normativa entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad

ANEXO I
PROPOSTA DE RENOVACIÓNS

Departamento			
Renovacións de profesorado contratado interino de substitución, profesorado lector e profesorado substituto			
Área	Profesor/a	Categoría e dedicación	Xustificación

A Coruña/Ferrol

O/a director/a do departamento

ANEXO II

PROPOSTA DE CONVOCATORIAS DE PRAZAS DE PROFESORADO

Departamento					
Proposta de convocatorias					
Área	Categoría e dedicación	Cuad. (1º/2º)	Docencia a inglés (si/non)	Campus	Xustificación

A Coruña/Ferrol

O/a director/a do departamento



ANEXO III

COMUNICACIÓN DE FINALIZACIÓN DO POD

Departamento			
Cobertura de docencia do primeiro cuadrimestre			
Área	si/non	Xustificación en caso negativo	
Materias que inclúen grupos con máis de 2 docentes			
Área	Materia	Grupo	Profesorado
Profesorado que non equilibra o seu POD entre os dous cuadrimestres			
Área	Profesor/a		
Profesorado con docencia en máis dunha localidade no mesmo cuadrimestre			
Profesor/a			Cuadrimestre



Profesorado con discapacidade e medidas de adaptación do seu posto de traballo	
Profesor/a	Medidas de adaptación

A Coruña / Ferrol

O/a director/a de departamento